



BANDO DA ALCALDÍA

ÓSCAR BENITO PORTELA FERNÁNDEZ, ALCALDE-
PRESIDENTE DO CONCELLO DE SADA, FAGO
SABER:

MEDIDAS SOBRE AFORRO DE AUGA

Debido a escasez de choivas, con ausencia casi total de precipitacións durante os últimos meses, dende o Concello queremos expoñer unha serie de medidas que promovan o consumo axeitado de auga e axuden a manter o máximo tempo posible as reservas existentes:

- Aplicar dispositivos de aforro de auga nas nosas billas, duchas e cisternas.
- Pechala billa mentres nos afeitamos, lavámoslos dentes, etc.
- Ducharse é máis eficiente que bañarse.
- Utilizar cisternas WC con sistemas de descargas parciais ou regulables. De non dispoñer deles, introducir unha botella (ou outro obxecto resistente á auga) dentro da cisterna ou usar un reductor de cisterna.
- Vixiar posibles fugas na rede.
- Regar ó anoitecer para evitar perdas por evaporación.
- Programar o rego e revisalo periódicamente.
- Non usar o lavalouzas nin a lavadora ata que estean cheos.
- Lavar o coche nun túnel de lavado, ou ben, cun caldeiro e unha esponxa.

E preciso un consumo racional e axeitado as nosas necesidades

Sada, 20 de xuño de 2017
O alcalde

Asdo.- Óscar Benito Portela Fernández

